



# SORRISOS PARA A PAZ

Ola rapazada, son Borli!!!

Xa quedan poucos días para que celebremos no colexio o **Día da Paz**. Por iso, propóñovos unha actividade que preciso que fagades na casa. Entrégovos un **sorriso** para que o coloreedes e escribades/debuxedes un desexo sobre a paz. Este vaise colocar no mural que estamos a elaborar entre todas e todos na entrada para a PAZ titulado:

**“ A paz comeza cun sorriso”**

Acordádevos de recortar o sorriso e de poñer o voso nome por detrás.

Tedes de prazo ata o **luns 29 de xaneiro**.

Tamén acabo de deixar na entrada unha selección de libros que versan sobre temas coma a amizade, a solidariedade, a esperanza, ... e dalgunhas personaxes da historia que axudaron a que este mundo sexa un pouco mellor.

Ata unha próxima aventura!

